

INFORMACIÓN SOBRE O TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Desde o día 25 de maio de 2018, é de aplicación a normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal (RGPD). É por iso que che facemos chegar esta comunicación, para informarche con todo detalle sobre os tratamentos de datos persoais levados a cabo por ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SLU con CIF B-27831783 (en diante, ALIMENTACION SALUDABLE), na súa condición de Responsable de Tratamento dos mesmos.

É o noso obxectivo tratar os teus datos con total transparencia e achegando sempre as maiores garantías de confidencialidade e seguridade. ALIMENTACION SALUDABLE designou un Delegado de Protección de Datos, ao cal podes dirixirte en calquera momento para consultar calquera dúbida sobre o tratamento dos datos persoais mediante correo electrónico a lopd@alimentacionsaludablegallega.com

Con qué finalidades trataremos os datos?

Os datos persoais que nos facilites, así como os do teu fillo/a ou tutelado/a, serán tratados coa finalidade de xestionar todos os aspectos da prestación do servizo contratada, incluíndo a organización do servizo e a xestión administrativa do mesmo. A base xurídica para os devanditos tratamentos de datos é a execución do servizo contratado.

Así mesmo, os teus datos poderán ser tratados coa finalidade de remitirche, por calquera medio incluíndo o electrónico, información sobre os servizos prestados por ALIMENTACION SALUDABLE. A base xurídica do devandito tratamento é o interese lexítimo de ALIMENTACION SALUDABLE de manter informados os seus usuarios sobre os seus servizos.

Podes opoñerte, en calquera momento, ao tratamento dos teus datos para o envío de comunicacións sobre servizos de ALIMENTACION SALUDABLE mediante correo electrónico dirixido a lopd@alimentacionsaludablegallega.com

Como tratamos os datos de saúde?

No caso de que o teu fillo/a ou tutelado/a teña algunha alerxia ou intolerancia é imprescindible que nolo comuniques de maneira que podamos garantir que recibe a atención necesaria. Os datos serán utilizados unicamente coa finalidade de adecuar os servizos á súa condición e serán eliminados unha vez finalizado o servizo contratado.

Durante canto tempo conservaremos os datos?

Os teus datos serán conservados durante o período de prestación dos servizos e, unha vez finalizada, conservaranse, debidamente bloqueados, durante todo o tempo en que resulte necesaria a súa conservación para atender aos requirimentos legais aplicables. Devandito prazo de conservación determinarase en base á lexislación aplicable en cada momento.

Con quen compartiremos os datos?

Os teus datos poderán ser comunicados a terceiros cando sexa necesario para o correcto desenvolvemento e control dos servizos (por exemplo, a entidades bancarias) ou cando unha lei así o requira. A base xurídica para as devanditas cesións é a existencia da relación mercantil, así como o cumprimento das posibles obrigacións legais derivadas da mesma.

Como protexemos os datos?

ALIMENTACION SALUDABLE está comprometida coa seguridade da información e definiu políticas de seguridade e procedementos para garantir a confidencialidade dos teus datos.

Podemos contratar a terceiros determinados servizos que poden supoñer o acceso e/ou tratamento de datos persoais, pero, en todo caso, esíxese que os terceiros cumpran coa lexislación vixente e coas nosas políticas de seguridade, debendo garantir o uso da información conforme ás instrucións de ALIMENTACION SALUDABLE e debendo implantar as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir a confidencialidade da información.

Cales son os teus dereitos en materia de protección de datos?

En calquera momento, podes exercer os teus dereitos dirixíndote ao Delegado de Protección de Datos, na dirección electrónica indicada.

En particular, podes solicitar o acceso aos datos persoais, solicitar a rectificación de calquera dato inexacto, solicitar a supresión dos teus datos persoais, solicitar a limitación do tratamento, así como solicitar a portabilidade dos mesmos, sempre nos termos previstos na lexislación vixente.

Así mesmo, cando a base xurídica para o tratamento sexa o interese lexítimo de ALIMENTACION SALUDABLE, poderás exercer o teu dereito de oposición ao tratamento dos datos persoais.

Teléfono de Atención aos Pais 607 634 413 (de luns a venres de 9:30 a 14:00)

www.arumeservicios.gal
info@arumeservicios.gal

CEIP CAMPOLONGO

VERÁN - 2020

Tamén te informamos da opción de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, en caso de considerar que se cometeu unha infracción respecto ao tratamento dos teus datos persoais.

Acepto o tratamento de datos persoais nos termos citados

Firma Titor/a:

Nome e apelidos: _____ D.N.I.: _____